



Calendario para tramitar novas propostas e modificacións substanciais de titulacións de grao e mestrado oficiais (implantación no curso 2027/28)

O [Real decreto 822/2021](#), do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, establece nos artigos 26, 32 e 33 o **procedemento que deben seguir as universidades tanto para verificar como para modificar de xeito substancial os plans de estudos de ensinanzas oficiais de grao e mestrado**.

O [procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e mestrado da ACSUG](#) determina cales son as modificacións da memoria de verificación dos títulos de grao e mestrado que poden considerarse substanciais. Ademais, sinala que se a proposta de modificación que se presenta supón, a xuízo das comisións de avaliación da ACSUG, un cambio que requira o deseño dun novo título, esta axencia emitirá informe en que instará a verificalo.

O [procedemento para a modificación substancial de títulos de grao e mestrado impartidos na UDC](#), aprobado polo Consello de Goberno o 1 de outubro de 2024, establece os pasos que deben seguir os **centros, estean ou non acreditados institucionalmente**.

Observacións para ter en conta

As propostas de novas titulacións de ensinanzas oficiais de grao ou mestrado, así como aquelas de modificacións substanciais de títulos verificados, tramitaranse seguindo os prazos previstos no [calendario de novas propostas e modificacións substanciais de títulos de grao e mestrado para a súa implantación no curso 2027/28 \(anexo I\)](#).

As memorias de verificación das propostas deberán acompañarse, de acordo coa [Orde do 20 de marzo de 2012](#) da Xunta de Galicia, da memoria xustificativa dos requisitos, da memoria económica e, de ser o caso, dos convenios de participación. Estas memorias deberán deixar constancia da realización de estudos de demanda; a participación dos grupos de interese na elaboración da proposta; a oportunidade estratéxica formativa, de especialización ou socioeconómica; a inexistencia dunha oferta similar na UDC ou no SUG; e calquera outra evidencia ou outro estudo que xustifique a implantación da nova proposta. No caso das modificacións substanciais achegárase, ademais, un documento de texto cos cambios introducidos no título.

O centro solicitante incorporará as memorias de verificación dos títulos, tanto se se trata de novas propostas como no tocante ás modificacións, na plataforma da sede electrónica do ministerio con competencias en materia de universidades, unha vez que se reciba da Secretaría Xeral de Universidades o informe favorable respecto da necesidade e a viabilidade académica e social do título. O/A decano/a ou director/a do centro implicado e máis o/a solicitante designado/a polo centro daranse de alta na [sede electrónica do dito ministerio](#). Comunicaranlle os seus nomes, para a asignación de roles, a vicerreitoría con competencias en materia de títulos, que, pola súa vez, daralles as instrucións oportunas para acceder e cubrir a memoria na sede electrónica deste ministerio.

As novas propostas de verificación ou modificacións que non sexan solicitadas nos prazos que se indican a seguir non se poderán tramitar ata o vindeiro curso.

Anexo I. Calendario para tramitar novas propostas e modificacións substanciais dos títulos de grao e mestrado (implantación no curso 2027/28)*

Data límite	Órgano responsable	Actividades que debe realizar o órgano responsable	Observacións
17 de outubro de 2025	Xunta de centro (XC)	Aprobar a declaración de interese de presentación do grao/mestrado, coa composición da comisión redactora da memoria. Remitirlle á vicerreitoría con competencias en materia de títulos a memoria e difundila entre a comunidade universitaria.	Á declaración de interese anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.
Novembro de 2025	Vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Aprobar as declaracións de interese no Consello de Goberno. Darles unha resposta aos decanatos e ás direccións dos centros sobre a declaración de interese.	A comunicación aos centros realizarase por correo electrónico.
27 de febreiro de 2026	XC	Aprobar a memoria de verificación, a memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos e a memoria económica. Remitirlle estes documento á vicerreitoría con competencias en materia de títulos para o inicio da súa exposición pública e a presentación de alegacións ante a XC.	Á documentación remitida anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro. No caso das modificacións substanciais, enviarase o informe do SIGC do centro. O período de exposición pública finalizará o 20 de marzo de 2026.
7 de abril de 2026	Vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Revisar a memoria de verificación inicial e remitir os informes técnicos pertinentes.	Os informes técnicos serán elaborados polo Servizo de Organización Académica (SOA) e a Unidade Técnica de Calidade (UTC) en coordinación coa vicerreitoría con competencias en materia de títulos.
24 de abril de 2026	XC	Elaborar unha resposta ás alegacións presentadas e aprobar a proposta definitiva das memorias de verificación, xustificativa e económica. Remitirlle esta proposta definitiva á vicerreitoría con competencias en materia de títulos.	Á documentación remitida anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.

Data límite	Órgano responsable	Actividades que debe realizar o órgano responsable	Observacións
11-15 de maio de 2026	Comisión de Plans de Estudos	Pronunciarse sobre as propostas e informar ao respecto.	Os convenios de titulacións interuniversitarias deberán ser firmados por todas as universidades participantes antes de que o Consello de Goberno aprobe as titulacións. O proceso de sinatura será iniciado e xestionado pola universidade coordinadora.
25-29 de maio de 2026	Consello de Goberno/Consello Social	Aprobar os títulos o Consello de Goberno e o Consello Social da UDC.	
1 de xuño de 2026	Vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Remitirlle os títulos á Secretaría Xeral de Universidades (SXU).	—
Xullo de 2026	Responsable do título/vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Incorporar as memorias dos títulos aprobados na sede electrónica. Remitirlle a documentación ao ministerio con competencias en materia de universidades.	Obtido o informe favorable de envío a verificación por parte da SXU, iniciarase o proceso de incorporar a memoria de verificación na sede electrónica do ministerio con competencias en materia de universidades.

(*) No caso das titulacións interuniversitarias, a persoa coordinadora na UDC debe garantir que toda a documentación que se lle remita á vicerreitoría con competencias en materia de títulos (declaración de interese e memorias) coincida coa tramitada pola universidade responsable do título.